



Xaneiro 2007

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Editorial

A globalización regáñalle os dentes á Galiza labrega

Como en todos os comezos de ano, Fouce dedica a súa páxina editorial a facer memoria dos principais feitos acontecidos nos últimos doce meses. Neste caso, dase conta de moitos retos aos que se tivo que enfrontar o Sindicato Labrego no ano 2006 que, a pesares de afectar de cheo a Galiza, teñen unha lectura global.

Páx. 4

■ Galiza

O SLG promove a avicultura sustentábel en Deza e Tabeirós

Trala boa marcha da Asociación de Pastoreo Pasdeza en vacún, o Sindicato Labrego estenderá a experiencia da gandería sustentábel ao sector avícola. Así, impulsarase esta alternativa fronte a un modelo intensivo cada vez máis insostíbel económica e ambientalmente.

Páx. 6

■ Montes

Frouma e SLG fan as súas achegas á prevención de lumes

A Asociación Forestal Frouma e o Sindicato Labrego Galego analizaron polo miúdo o borrador da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, e fixeron numerosas achegas de cara a mellorala antes de que chegase a mans do Consello Agrario Galego.

Páx. 9



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

O Comité Consultivo do Leite da Unión Europea di que os prezos deben subir

■ A secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, viaxou a Bruxelas, o pasado 7 de decembro, para participar neste foro en representación da CPE.

■ Os datos dos mercados leiteiros na Unión Europea indican que os factores que inflúen na formación dos prezos do leite deberían propiciar unha suba nas vindeiras semanas.

Páx. 7



O Consello de Ministros dá para adiante ao plano leiteiro deseñado contra Galiza

O plano leiteiro que tanto temían as explotacións galegas xa é unha realidade. De nada serviron a multitudinaria manifestación de setembro nin a intermediación de Touriño, e moito menos termos unha ministra galega. Desta maneira, o PSOE

aprobou, o 15 de decembro, un reparto da cota leiteira que estancará a Galiza, que non poderá ampliar a súa capacidade produtiva, e beneficiará ás granxas industriais de Cataluña. Así o denunciaron Santiso e Cendán, na imaxe.

Páxs. 2 e 3



O congreso do viño do SLG elixirá nova dirección sectorial en xaneiro

A vila d'A Rúa, en plena denominación de orixe Valdeorras, foi a localidade elixida para celebrar o vindeiro congreso do viño do Sindicato Labrego. O evento servirá para analizar a situación actual do sector e as súas perspectivas,

amais de renovar o órgano directivo que coordine o traballo do SLG neste eido. Por iso, aproveitamos para repasar co responsábel saínte, Xurxo Álvarez, os dous anos e medio que estivo á fronte da Dirección Nacional do Viño.

Páx. 11

A Dirección da Carne de Vacún do SLG analiza as novidades do sector

O 14 de decembro, reuníase en Lugo a Dirección Nacional da Carne de Vacún do SLG. Na axenda do encontro había varios temas fundamentais para o sector, dende a posición sindical diante das vindeiras eleccións en

Tenreira Galega, ata a necesidade de mellorar a nosa cabana gandeira con xenética de razas autóctonas, pasando polo debate sobre o proxecto de cebo de frisón presentado por Medio Rural.

Páx. 5



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Ero Sánchez
Rozas, Ramón Barreiro, Charo
Sánchez Parga, Antonio
Villarino, Isabel Vilalba, Mónica
Vázquez, Xabier Gómez
Santiso e Xoán Monasterio.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88

**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**

COMISIÓN
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, 1º andar. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

O Consello de Ministros aproba o plano leiteiro contra Galiza

O SLG seguirá demandando cota gratuíta e un reparto xusto dos dereitos entre produtores e produtoras

De nada serviu a multitudinaria manifestación do 20 de setembro n'A Coruña contra o plano leiteiro do PSOE, nin termos o 55% das explotacións do Estado. Deseñado polo Ministerio, modificado case nada nunha comisión do

Congreso, o proxecto era ratificado e convertido en decreto no Consello de Ministros do 15 de decembro. Así, o PSOE cismou e obrigará a que o 80% da cota abandonada non poida saír da súa comunidade de orixe.

A oposición ao plano leiteiro imposto por Madrid é total en Galiza, pois é totalmente lesivo para o noso sector leiteiro, a pesares de termos máis da metade das explotacións do Estado. Vexamos por que.

En primeiro lugar, o reparto que impón este plano leiteiro, por comunidades autónomas, supón unha clara discriminación para Galiza. O PSOE levouno adiante, así e todo, para atender aos seus Intereses electorais nas vindeiras eleccións autonómicas, que se celebrarán en todas as comunidades agás Galiza, Euskadi, Cataluña e Andalucía. Así, mentres que co plano do ano pasado se beneficiou ás pequenas e medianas explotacións, maioritariamente galegas; co deste ano deféndense os intereses de determinadas comunidades autónomas.

En segundo termo, a obriga de que o 80 % da cota abandonada se distribúa dentro da propia comunidade, significa que as autonomías que máis abandonen, é dicir, as que teñen menor vocación produtora, van ser as que máis cota teñan para repartir.

Outra das faces escuras deste plan é que non define o tipo de explotación á que se lle debe dar prioridade, e pretende ficar ben con todo o mundo. Na práctica, as regras deste plano beneficiarán, fundamentalmente, ás explotacións de tipo industrial de fóra de Galiza.

Finalmente, destinar unha porcentaxe moi pequena da cota leiteira abandonada á reserva, significa que a maioría dos dereitos van ter que ser mercados, obrigando ás explotacións a un novo desembolso, para investir en algo que nin sequera se sabe canto tempo vai durar; neste senso, cómpre lembrar que a Comisión Europea pretende facer desaparecer as cotas leiteiras no 2015.



Josep Puxeu, á esquerda, e Elena Espinosa, á dereita, son os artífices do plano leiteiro do PSOE

As falsas promesas de Elena Espinosa e Emilio Pérez Touriño

Tanto a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, coma o Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, comprometeron a súa palabra en que "non se ía facer un Plan Lácteo contra os intereses de Galiza". O resultado final do plano evidencia que a Ministra e o Presidente mentiron. Mesmo no Consello da Xunta do pasado 21 de decembro, Touriño chegou a dicir que este plano leiteiro ideado e cociñado polo PSOE "podería volver a ser beneficioso para Galiza". Esta claro que, os políticos e políticas socialistas deste país antepoñen os intereses do seu partido por diante dos intereses de Galiza.

A pesares de que o Plano Leiteiro do 2007 vai deixar unha asignación de cota miserenta para Galiza, o Sindicato Labrego anima aos produtores e produtoras que fagan solicitudes ao Banco de Cotas, pois Galiza non se pode permitir o luxo de renunciar ao reparto que lle corresponde.

Así e todo, o Sindicato Labrego segue a reivindicar que a Administración debe controlar a produción leiteira, redistribuír o dereito a producir en toda a Unión Europea, e articular medidas que garantan uns



Touriño, Zapatero e Espinosa rindo cun neno galego que lles entrega a maqueta dun cabaceiro; a ledicia dos políticos socialistas, autores e executores do plano, contrasta co malestar do noso sector leiteiro

prezos para o leite que cubran os custes e deixen salarios dignos a quen traballa nas explotacións. Só con este tipo de accións podemos pensar nun sector forte, con futuro, e que dinamice ao noso medio rural.

Xabier Gómez Santiso, responsábel dos sectores gandeiros no Sindicato Labrego Galego

“Co plano leiteiro, Galiza pasa das 180.000 toneladas de cota do ano pasado a 32.000”

Xunto a miles de gandeiros e gandeiras, e a carón de compañeiros e compañeiras de sindicato, Xabier Gómez Santiso sostivo unha pancarta que rezaba “Por un plan lácteo xusto”

vai agora para catro meses. De nada serviu, como tampouco valeu gran cousa ter unha Ministra de Agricultura galega en Madrid ou o inútil apoio do presidente Touriño. Nesta entrevista, o

responsábel dos sectores gandeiros do SLG desvela as razóns polas que o Ministerio deu unha viraxe total ao reparto da cota leiteira para marxinar especialmente a Galiza.

■ Cambia moito o plan leiteiro desta campaña con respecto á da pasada?

Cambia moito, e en aspectos fundamentais. O plano da campaña pasada tiña defectos, coma o feito de que había que pagar a cota; pero baseábase nuns criterios de reparto bastante bos, pois primaba ás explotacións máis pequenas, maioritarias en Galiza, sen impedirlle mercar ás grandes.

O deste ano non ten nada que ver. En teoría, tamén prima ás pequenas explotacións, pero vén delles a cota igual e, en realidade, a cota gratuítas res-trínxese ás explotacións con xente moza e ás asociativas. Isto non garante que unha explotación pequena vaia recibir máis cota cunha grande. E todo isto co agravante da rexionalización do reparto, é dicir, que só teremos para distribuír a cota que se abandone na Galiza. Aquí só houbo 48.000 toneladas abandonadas, das cales o 20% pasan á reserva. É dicir, que nos quedan 32.000 toneladas para repartir, unha cantidade moi afastada das 180.000 do ano pasado.

En resume, trátase dun plano moito menos social co agravante da rexionalización dos dereitos, algo que só acontece no Estado español e que non vai traer nada positivo.

■ Que significa isto para as explotacións galegas?

Pois que o meirande delas non van poder acceder a máis cota ou, se o fan, accederán a moi pouca. Con este plano, houbo explotacións que se beneficiaron o ano pasado e que na presente campaña decidiron vender cota. Esa é unha realidade. Outras moitas, tamén beneficiadas polo plano do ano pasado,



Xabier Gómez Santiso denunciou en varias ocasións as eivas do plano leiteiro do Ministerio

agora non pedirán cota porque hai que pagala e non teñen capacidade financeira.

Ademais, para as explotacións que merquen cota este plano non val ata a seguinte

campanha, a partir do 31 de marzo. Así, investirán os cartos e, se cadra, ata lles virá enriba unha supertaxa, pois estarán a producir cos dereitos insuficientes que tiñan.

■ Por que pensa que o Ministerio de Agricultura deu esta viraxe tan grande?

A explicación que se está a dar por aí diante é que estamos en ano electoral, polo

que o PSOE quere gañar eleccións en territorios como Asturias, comunidade que criticou moito o plano do ano pasado. Eu teño as miñas dúbidas con respecto á forza que poida ter o sector leiteiro de cara a decidir uns comicios. Pode haber algo diso, aínda que penso que non é a causa fundamental. Eu achácollo máis ao cambio político que sufriu o Ministerio de Agricultura cando mudaron aos responsábeis de agricultura e gandería polo equipo de Josep Puxeu, actual secretario xeral de Agricultura e Alimentación. Nese intre, o Ministerio muda totalmente de política agraria para beneficiar, especialmente, a Cataluña. Lembremos que en Cataluña tamén celebraron eleccións hai pouco. Este tipo de accións non tratan tanto captar os votos do sector, como venderse politicamente ante o electorado en xeral.

“O SLG defende a reasignación de cota gratuítas para produtores e produtoras”

■ Serviu de algo a tan cacarexada intermediación de Touriño?

Eu creo que non serviu de nada, nin a intermediación de Touriño, nin a vontade da Ministra. Non sei como fará coa pesca, pero a Elena Espinosa escápaselle das mans a Agricultura. No caso do plano leiteiro, penso que lla meteron dobrada.

■ E que opina das declaracións de Touriño, cando dixo que o plano podía ser positivo para Galiza?

Esas declaracións fíxoas pensando na posibilidade de que o meirande do 20% dos dereitos que pasen á reserva veñan para Galiza. Pero a reserva non vai vir toda para Galiza, e aínda que así fose, xa está truncada a ilusión do sector. Ás veces son máis importantes os azos e o ánimo de tirar para adiante, aínda que non sexa tanto o que se reparta. Visto así, o plano leiteiro do

ano pasado creou ilusión, mentres que o deste ano só deixou frustración.

■ Por que Unións Agrarias rachou a unidade sindical e non se opuxo ao plano do Ministerio?

En principio houbo unidade sindical, pero ignoro a que respondeu a manifestación de Unións Agrarias contra a Consellería, se aos intereses do PSOE ou do Ministerio. A última acción conxunta que decidíramos os sindicatos agrarios galegos foi a de facer unha mobilización en Madrid na mesma semana en que se aprobouse o plano leiteiro. Pero, curiosamente, Unións Agrarias desmarcouse e apareceu en solitario cunha convocatoria contra a Xunta xusto o día en que o plano leiteiro saía publicado no Boletín Oficial do Estado. Está claro que contaba con información privilegiada para facer cadrar todo así.

A manifestación de Unións Agrarias do 16 de decembro tendeulle unha man ao Ministerio de Agricultura para que sacase o seu plano leiteiro limpiño de po e palla. Penso que é un grave erro pola súa banda e que traizoa os intereses dos gandeiros e gandeiras de Galiza.

■ Cal é o plano que propuña o SLG?

O SLG defendeu sempre que a reasignación da cota abandonada sexa gratuítas para produtores e produtoras.

Outra demanda irrenunciábel é que non se volva repetir un reparto rexionalizado como o deste ano; de feito, non debería haber nin sequera estatalización no reparto da cota leiteira na Unión Europea, é dicir, que os dereitos deben distribuírse entre produtores e produtoras en toda a UE, e non entre estados.

Editorial

Memoria sindical do 2006: a globalización regáñalle os dentes á Galiza labrega

A globalización é unha realidade que non podemos obviar. E cada vez faise máis forte e descarada nas súas maneiras, intencións e efectos. Durante o 2006, nas páxinas de Fouce afondouse nas faces que esta globalización toma diante dos nosos sectores produtivos: na carne de vacún, os terratenentes brasileiros, coa complicidade da Asociación de Criadores de Rubia Galega (Acruga), están a criando reses desta raza para produci-la a baixo prezo e exportala a Europa máis barata co que llela pagan ás nosas explotacións; a produción de flor galega treme coas importacións a baixo custe vidas dende países como Colombia, que producen con salarios de 110 euros ao mes.

Mesmo o clima tamén se está a encabuxar de xeito global, deixando as súas secuelas na Galiza: en marzo e setembro, os últimos temporais do inverno e os restos do furacán Gordon arrasaban os invernadoiros das explotacións de horta do noso país, deixando a moitas ao borde da ruína; o día despois do desastre, atopáronse con que non había seguros agrarios para cubrir os danos, pois foilles imposíbel contratalos por estar deseñados para o Mediterráneo. Foi o SLG a única organización agraria que denunciou esta problemática para que a Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa) e Agroseguro puxesen solución a un claro caso discriminatorio que mantén desprotexido ao sector hortícola galego. Tamén foi o SLG quen chamou a atención diante da Consellaría de Medio Rural sobre a venda de semente de Rubia Galega ao Brasil; e quen solicitou o inicio de estudos para indagar os efectos que a seca e o cambio climático están a ter nos diversos sectores produtivos do noso país.

Outra das faces da globalización é o uso de organismos xeneticamente manipulados (OXMs) en agricultura. A pesares das súas promesas, o PSOE mantén case inalterábeis as 60.000 hectáreas de millo transxénico coas que o PP situara ao Estado español no décimo cuarto posto do podio mundial. Fronte a esta problemática que está a poñer en grave perigo a biodiversidade e a seguridade alimentaria do planeta, o Sindicato Labrego respondeu iniciando unha campaña para declarar a Galiza ceibe de OXMs como xa fixeron Asturias, Euskadi e Mallorca.

Pero, sen dúbida, o tema global máis soado foi o da gripe aviaria, que desatou unha auténtica psicose inxustificada entre a xente e provocou perdas millonarias no sector avícola. O SLG defendeu en todo momento as explotacións avícolas extensivas e a cría de aves de curral, afectadas tamén polas restricións; e comezaba a crear novas saídas para as intensivas potenciando un modelo de avicultura sustentábel en comarcas como Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

■ Alianzas.

Cando as ameazas aos nosos sectores produtivos veñen de fóra, cómpre manter alianzas con outras organizacións, como a COAG, a Coordinadora Labrega Europea (CPE) ou a Vía Campesina. Iso fixo que o Sindicato Labrego puidese estar presente en foros internacionais como a Conferencia Internacional de Desenvolvemento Rural da FAO, en Porto Alegre (Brasil), ou os encontros do sector leiteiro europeo en Gales e Verona para demandar un prezo mínimo común que cubra os custos produtivos e uns salarios dignos. Nesta liña habería que encadrar a viaxe da secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, a Estados Unidos, onde comprobou que o modelo intensivo de produción leiteira é unha auténtica ruína para o medio rural; a participación de Xosé Ramón Cendán na conferencia de simplificación da Política Agraria Común (PAC), onde descubriu as intencións da Comisión Europea de liberalizar o sector leiteiro coa eliminación do sistema de cotas; ou a viaxe a Bruxelas, tamén de Senra, para participar no Comité Consultivo do Leite da UE.

Cómpre destacar neste eido a Conferencia Mundial de Mulleres da Vía Campesina, que elixiu Compostela como sede e se desenvolveu entre o 17 e o 21 de outubro. Nela, tomáronse decisións tan importantes como organizar unha campaña internacional contra a violencia de xénero, e chegouse á conclusión de que a desigualdade é un problema común a todas as labregas do mundo, con independencia do país onde vivan.

■ Diálogo.

Mentres, en casa, o diálogo, con máis ou menos éxito, marcaba o cambio de goberno na Xunta. Así, houbo mesas sectoriais nas cinco denominacións de orixe vinícolas, na pataca, na madeira e no leite, cos prezos como tema estrela. A máxima expresión desta nova etapa baseada na comunicación entre os axentes de cada sector materializábase na disolución das Cámaras Agrarias e na creación do Consello Agrario Galego, ámbalas dúas reivindicacións históricas do SLG.

A mesa do leite, en concreto, non serviu para mudar a actitude das industrias, que obrigaban ao sector leiteiro galego a saír á rúa por manterse na teima de baixar de novo os prezos. Foi o 6 de abril cando máis de 7.000 persoas, convocadas polas tres organizacións agrarias galegas, protestaban diante de Lactalis, en Vilalba; Leite Celta, en Pontedeume; e Nestlé, en Pontecesures. Esa mesma xente botábase á rúa, de novo, o pasado 20 de setembro. Desta vez, a protesta era n'A Coruña e o obxecto da indignación do sector un plano leiteiro para redistribuír a cota abandonada que marxina claramente a Galiza. De nada serviu o rexeitamento unánime do

sector, ter unha ministra galega, a intermediación de Touriño ou a oposición das diversas forzas políticas, agás o PSOE: o Consello de Ministros do 15 de decembro aprobaba ese plan que condena ao estancamento ás explotacións galegas e favorece ás grandes granxas industriais e, en especial, a Cataluña. Por se non abundase, o Ministerio de Agricultura espetoulle unha nova supertaxa a Galiza; desta vez, máis dun millón de euros.

Un dos sectores no que máis cambios houbo durante o 2006 foi, sen dúbida, o vitivinícola. A vendima arrincaríase con contratos homologados que garanten prezos mínimos en Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras. Tras deles, o traballo desenvolvido nas mesas do viño e intensas mobilizacións que, unhas veces foron conxuntas, como a do 10 de abril n'O Ribeiro; e outras levadas a cabo en solitario polo SLG, como a realizada no Carrefour de Ourense o 27 de maio. O traballo do Sindicato Labrego neste sector acadou froitos de grande relevancia, como a fin dunha fraude con viños de mesa nos supermercados Eroski; o acordo con Adegas Galegas para comercializar o 50% dos 400.000 litros que estaban almacenados sen vender en Monterrei; ou a creación da Indicación xeográfica viños da terra de Barbanza e Iria, na que o traballo de apoio do SLG aos viticultores e viticultoras da bisbarra axudou a que esta demanda se fixese realidade.

Tamén as labregas galegas tiveron boas novas grazas ao bo facer da Secretaría das Mulleres do SLG. Tras unha intensa campaña de denuncias, recursos xudiciais, e xuntanzas en todas as instancias políticas competentes, a Secretaría de Estado para a Seguridade Social sentaba as bases para solucionar a discriminación que sufriron as nais labregas cando se lles negou a posibilidade de cobrar por ter fill@s menores de tres anos ao cargo como calquera outra traballadora.

Outra das problemáticas na que o Sindicato Labrego liderou co seu traballo na Galiza foi a dos riscos laborais no agro. A edición dunha guía, e varias achegas para orientar o traballo da Administración, foron a parte máis visíbel deste labor.

O 2006 será lembrado pola acción criminal dos pirómanos, aos que non lles bastou con prender lume aos nosos montes, senón que, desta vez, puxeron no punto de mira os núcleos urbanos. O SLG denunciaba ante a comisión parlamentaria do lume as políticas de desmantelamento do medio rural dos últimos anos como causa fundamental da proliferación incendios, e o comportamento anómalo das cuadrillas de extinción. O 10 de outubro, facía as súas achegas á Xunta, xunto á Asociación Forestal Frouma e da Organización Galega de Comunidades de Montes, para que desastres así non volvan acontecer.

A Dirección da Carne avoga pola mellora xenética das reses de Tenreira Galega

O órgano do SLG solicitará un programa de recría que faga accesíbeis os sementais ás explotacións

O pasado 14 de decembro, reuníase no local da extinta cámara agraria de Lugo a Dirección Nacional da Carne de Vacún do Sindicato Labrego. Na axenda do encontro había varios temas fun-

damentais para o sector, dende a posición sindical diante das vindeiras eleccións ao consello regulador da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega, ata a necesidade de

mellorar a nosa cabana gandeira con xenética de razas autóctonas, pasando pola oposición ao proxecto de cebar xatos da raza frisona presentado pola Consellaría de Medio Rural.

O tema co que se abría a reunión era a inminente celebración das eleccións para o consello regulador da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega, previstas para febreiro ou marzo. Nesta ocasión, os comicios contarán coa novidade da inclusión das cooperativas no censo.

Ademais, existe a proposta de que o consello estea formado por tres representantes dos sindicatos agrarios, dous dos cebadeiros, un das cooperativas, tres dos matadoiros, e tres das salas de despece. Neste aspecto, a Dirección da Carne do SLG amosou a súa disconformidade, e proporá que se lles quite un representante ás salas de despece para outorgarllo ás pequenas empresas de distribución, é dicir, ás carnizaría.

Outra das propostas que a Dirección da Carne lle fará chegar a Tenreira Galega é a necesidade de flexibilizar as esixencias con respecto ás razas dos animais acollidos pola IXP. Para o Sindicato Labrego, se aplican ao pé da letra o regulamento neste particular, habería unha grande cantidade de explotacións que non o poderían cumprir. Aínda que o Sindicato Labrego está de acordo con limitar a Indicación Xeográfica Protexida ás razas autóctonas, é consciente de que cómpre un prazo para darlle tempo ás explotacións para que se adapten.

■ Perigo de avance das razas de vacún foráneas

Sobre o devandito, a Dirección da Carne recoñeceu que existe un perigo real no avance de razas foráneas na produción de carne de vacún, fundamentalmente a limusina e a rubia de Aquitania. Por iso,



Os locais da extinta Cámara Agraria de Lugo serviron como lugar de encontro para a xuntanza da Dirección da Carne do SLG

os membros deste órgano do SLG acordaron a necesidade de elaborar e poñer a funcionar un programa de recría, cunha liña financeira, que abranza a todas as femias que teñan características de rubia ou de morena, e que sexan inseminadas con estas razas, de maneira que as crías sexan identificadas como destas razas. Sería unha maneira de substituír a alta xenética, que está ao alcance de poucas explotacións, e apostar por unhas razas autóctonas básicas.

O Sindicato Labrego Galego tamén proporá que se desenvolva un programa de investigación en Mabegondo, en convenio coas explotacións, co obxectivo de obter varias liñas xenéticas das razas autóctonas para que sexan accesíbeis a todo tipo de explotacións.

Outra medida inmediata para solucionar este problema debería ser a obriga de que os sementais que existen nas explotacións fosen todos de razas autóctonas, acción a realizar nun período de dous anos.

O cebo de frisona provocaría o desprestixio da carne galega

Un dos puntos que xerou un unánime rexeitamento foi a proposta da Consellaría de Medio Rural de fomentar o cebo de xatos da raza frisona en matadoiros e cooperativas. Para os membros da Dirección, cebar animais de raza frisona pura sería dunha actividade inviábel dende o punto de vista económico e que mesmo podería producir rendementos negativos. Ademais, crear unha denominación de orixe para a Frisona provocaría o total desprestixio do sector e só serviría para abastecer de carne barata ás grandes distribuidoras.

Como alternativa ao cebo de Frisona, a Dirección da Carne proporalle a Medio Rural que habilite liñas de investigación e de fomento para cebar becerros de cruce industrial, non de raza pura Frisona, nas explotacións tradicionais que teñan suficiente base territorial, incluídas as de leite. Isto habería que apoialo con programas de desintensificación destinados a granxas de leite para que poidan inseminar con touros de carne cuxas crías poidan cebarse de maneira rendíbel.

Nas vindeiras semanas, o SLG reclamará a convocatoria da Mesa da Carne, xa que nos atopamos nun bo intre no que se refire a prezos, polo que a conxuntura é positiva para que os diversos axentes do

sector senten a traballar neste foro. Este foi outro dos puntos que se discutiron na Dirección da Carne, como o da necesidade de habilitar veterinarios ou veterinarias de garda nos matadoiros nas fins de semana para que atendan sacrificios de urxencia; actualmente, se unha res sofre un accidente en sábado, terá que agardar dous días para ser sacrificada en luns, o cal obriga, no meirande dos casos, a ter que incinerar o animal enteiro por estar afectado por febres e térselle estendido a infección.

■ Rexeitamento da creación dunha lonxa de carne de vacún en Monterroso

Fronte á proposta de Medio Rural de crear unha lonxa en Monterroso, a Dirección da Carne amosouse contraria, pois non ve necesaria a súa existencia. En calquera caso, poderíase estudar a creación de potenciar mercados xa existentes que sexan dinámicos e estean radicados en zonas produtoras, como Becerreá ou Castro. Así e todo, agora mesmo sería moito máis positivo investir en infraestruturas como matadoiros comarcais para sacrificar todo tipo de animais, secadoiros artesanais, etcétera; obras que, con custos moi baixos, axudarían moito a desenvolver a economía rural, favorecendo a diversificación das producións.

Deza e Tabeirós-Terra de Montes terán avicultura sostíbel da man do SLG

A organización agraria desenvolverá unhas xornadas formativas en fins de semana durante o inverno

O Sindicato Labrego Galego da bisbarra de Tabeirós-Terra de Montes e Deza vai estender a experiencia levada a cabo no sector de vacún con Pasdeza ao sector avícola. En efecto,

unhas xornadas que se desenvolverán os sábados durante todo o inverno formarán a labregos e labregas nun modelo avícola sustentábel, unha boa opción para moitas explotacións que es-

tán a comprobar como o sistema convencional de avicultura deixa cada vez menos rendas e xenera uns custos ecolóxicos e medioambientais que aínda están por calibrar.

O Sindicato Labrego Galego da bisbarra Deza, Tabeirós e Terra de Montes vai estender a experiencia de Pasdeza ao eido avícola, cunhas xornadas de avicultura sustentábel. A orixe desta experiencia habería que buscala no descontento xeneralizado que existe nun sector que, ata o de agora, apostou por un modelo intensivo que cada vez deixa menos rendas nas explotacións e dá máis desgustos; o último deles, as perdas económicas provocadas pola gripe aviaria. Neste senso, a avicultura extensiva e sustentábel defínese como unha boa alternativa que cada vez ten mellor saída comercial e que xera maiores beneficios; e, a maiores, é respectuosa co medio ambiente e cos propios animais que se crían.

As xornadas de avicultura sustentábel comezarán o 20 de xaneiro, e durarán tres meses, con xornadas que se desenvolverán os sábados, cada quince días. O horario será de once da mañá a seis da tarde, e inclúe un xantar a cargo do curso. Como lugar de celebración escolleuse o restaurante Europa, en Chapa.



A galiña de Mos é unha raza apta para a súa cría ao aire libre e en condicións de extensivo

En canto ao contido do curso, nel estudaranse as diferenzas entre a avicultura intensiva e extensiva e, respecto desta última, os diferentes modelos de produción que existen na actualidade; a produción avícola en base á terra e as razas autóct-

tonas máis idóneas para ela, como a galiña Piñeira ou a de Mos; as particularidades sanitarias da avicultura extensiva; a comercialización; a certificación; as axudas existentes, etcétera.

A xente interesada pódese anotar en calquera oficina

do SLG, ata unha semana antes do inicio do curso. Para iso, terán que achegar fotocopias do documento de identidade, da tarxeta sanitaria, e do último cupón da Agraria ou nómina en caso de estar cotizando por conta allea.

Axudas miserentas para a gripe aviaria na comarca

Un bo exemplo da crise que está a vivir o sector da avicultura intensiva é o impacto que lle causou a crise da gripe aviaria, e as miserentas axudas que deu o Ministerio de Agricultura para paliar as perdas ocasionadas. De feito, moitas explotacións nin sequera pasaron o traballo de pedir estas subvencións de tan cativas que eran. Así, en toda Galiza só houbo 361 solicitudes. Na bisbarra de Tabeirós-Terra de Montes e Deza, de 126 explotacións censadas só pediron axudas corenta.

Os cartos que recibiu Galiza por esta crise foron 498.305 euros, o cal supón unha media por explotación de 1.380 euros, bastante lonxe dos 3.500 euros que solicitaba o Sindicato Labrego se, realmente, se querían paliar os efectos negativos do andazo, xa que as perdas globais en Galiza por esta causa ascenderon a uns tres millóns de euros.

O SLG demanda a revisión da parcelaria nas parroquias de Valiñas, Agudelo e Barro

A secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, acompañada do responsable do SLG no Salnés, Roberto Rivas Reboredo, entregou o pasado 19 de decembro un prego de alegacións ao proceso de concentración parcelaria nas parroquias de Valiñas, Agudelo e Barro, no concello

homónimo. O acto de entrega fíxose no rexistro da Consellaría de Medio Rural en Pontevedra, e o escrito ía dirixido a estruturas e infraestruturas agrarias.

O problema fundamental denunciado polo SLG é que varias fincas que se van concentrar van ser incluídas na categoría de solo de núcleo

rural, por estar preto de aldeas. Isto implica que as parcelas afectadas van ver aumentado considerablemente o seu valor, pois permitirase a edificación de vivendas nas mesmas e a súa segregación. Nembargante, a concentración parcelaria prevé, amais da agrupación dos terreos, o cambio da

propiedade, polo que "vai servir para enriquecer a uns cantos propietarios e propietarios por unhas circunstancias alleas á agricultura e á Consellaría de Medio Rural".

Para solucionar este conflito, o Sindicato Labrego botou man do artigo sétimo da Lei de Concentración Parcelaria, segundo o cal a

Consellaría de Medio Rural pode revisar o proceso e devolver as parcelas á súa situación primitiva, coas compensacións económicas que procedan, e sempre que existan circunstancias sociais ou económicas, ou doutro tipo, que se presenten con acusados caracteres de gravidade, como é o caso.

Os prezos do leite deberían subir por mor da conxuntura dos mercados

Lidia Senra participou no Comité Consultivo do Leite da Unión Europea en representación da CPE

A secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, deu unha rolda de prensa, o pasado 7 de decembro, para informar do acontecido na xuntanza do Comité Consultivo do Leite da UE, un foro no

que participou como representante da Coordinadora Labrega Europea (CPE), que integra a 26 organizacións agrarias. No encontro participaron outros axentes implicados no sector,

como a industria, a distribución, así como colectivos medioambientais e de consumo, e representantes da Comisión Europea; e nel debatéronse temas transcendentais para Galiza.

A novidade máis importante achegada pola Comisión foi que varios informes manteñen que a actual conxuntura do mercado leiteiro é positiva, cunha alza das vendas do leite e dos seus derivados en todo o continente, polo que, en palabras de Lidia Senra "iso debería traducirse, a curto prazo, nunha suba do prezo do leite que se lles está a pagar ás explotacións".

Aínda que non estaba na orde do día, na reunión tamén se tratou a fin do sistema de cotas para o 2015 anunciada, recentemente, pola Comisaria de Agricultura, Mariann Fischer Boel. Neste tema, Lidia Senra foi a única, en representación das 26 organizacións agrarias da CPE, que defendeu que o control da produción leiteira debía estenderse máis alá do 2015, sen que por iso defendese o actual sistema de cotas. En efecto, a CPE e o Sindicato Labrego demandan unha reforma profunda da política leiteira da UE baseada en tres eixes: en primeiro lugar, no control da produción e en impedir



Senra trouxo a Galiza a nova da posíbel suba no prezo do leite nos países da Unión Europea

que se liberalice o sector coa eliminación das cotas, unha medida que, de impoñerse, sería desastrosa para as explotacións familiares.

En segundo lugar, a reforma esixida pola CPE contempla unha redistribución xusta dos dereitos a producir que remate coa discriminación que neste senso sofre Galiza dende a súa entrada na CEE, e que conceda

cota a aquelas explotacións cuxa capacidade produtiva estea por baixo da media e a precisen para ser viábeis. E, finalmente, ligado a todo isto, a necesidade de establecer un prezo mínimo para o leite en toda a Unión Europea que garanta a cobertura dos custos produtivos da actividade leiteira e deixe salarios dignos nas explotacións.

En relación coas intencións da Comisión, Lidia Senra deixou ben claro que a decisión de liberalizar o sector leiteiro corresponde aos estados que integran a Unión Europea, polo que xa anunciou a intención da CPE de comezar a traballar para que cada estado comunitario se posicione en contra da fin dos controis sobre a produción.

A CPE puxo a voz crítica en Bruxelas contra os cultivos enerxéticos

Tamén se falou no Comité Consultivo dos cultivos enerxéticos, pois afectan tamén ao sector leiteiro. A secretaria xeral do SLG foi moi crítica coas políticas que se están a desenvolver para favorecer unha agricultura produtora da materia prima para carburantes e, aínda que había moitos, utilizou un argumento fundamental para criticar este novo uso da terra: a Unión Europea padece unha forte dependencia dos cultivos destinados a alimentación animal e está importando inxentes cantidades de cereais e soia para manter a súa cabana gandeira. Producir o alimento para o gando debería ser unha prioridade antes que seguir importando de xeito masivo os compoñentes dos pensos fabricados na UE, e antes que dedicar a terra a producir gasóleo.

Estados Unidos prepara a venda de carne e derivados de animais clonados

O 1 de xaneiro, a Axencia de Alimentos e Medicamentos dos Estados Unidos (FDA) anunciaba que a carne e o leite de vacas, porcos e cabras clonadas e as súas crías son seguras para o consumo humano. Esta é a conclusión á que chegou este organismo tras cinco anos de estudos.

O veredicto non sería problemático se non fose porque abre a porta para que se elimine a moratoria que existe en Estados Unidos sobre a venda de ali-

mentos de animais clonados, o que podería acontecer en abril deste ano. Do mesmo xeito que ocorre cos transxénicos, os produtos de animais clonados carecen de regulación neste país, polo que é moi probábel que non se esixa a súa identificación nas etiquetas cando se comercialicen. Ademais, estes alimentos tamén poderán exportarse.

Nembargante, hai moitos sectores que temen que esta autorización lles inflúa negativamente nas vendas. Por

exemplo, a Asociación Internacional de Produtos Lácteos calcula que as vendas de derivados animais poderían caer un 15%. Ademais, unha enquisa revelou que o 64% dos norteamericanos se sentiría incómodo ao consumir derivados de animais clonados.

A mesma enquisa demostrou que o meirande dos estadounidenses están bastante desinformados sobre os transxénicos, pois o meirande pensa que non consumiron nunca este tipo



A clonación animal xa ten provocado protestas, como esta que fai referencia ao caso da ovella Dolly

de produtos manipulados cando no seu país o 89% da soia, o 83% do algodón e o 61% do millo son OXMs. Outro dato do informe foi

que os estadounidenses rexeitan por maioría os transxénicos: o 46% dos enquisados estaban en contra, fronte a un 27% a favor.

Tensión polas fumigacións con glifosato de Colombia en Ecuador

Cultivos labregos devastados e vítimas humanas seguen incorporándose ao saldo da loita contra a coca

As difíciles relacións entre Ecuador e Colombia viviron a finais de ano un novo capítulo que vai afastar aínda máis a ambos países. E é que o goberno colombiano ordenou fumigar con glifosato unha faixa fronteiriza na que

existen miles de hectáreas de cultivo de coca. Con estas fumigacións, Colombia rachaba os acordos co seu país veciño, en virtude dos cales comprometíase a combater as plantacións de coca de xeito manual.

A organización Comité Interinstitucional contra as Fumigacións considera isto como unha violación dos dereitos humanos das poboacións da fronteira, especialmente dos dereitos á vida, á saúde e á alimentación.

Non en van, estas fumigacións aéreas con cantidades industriais de glifosato arrasan non só as plantacións de coca, senón tamén as leiras labregas que atopan por diante, obrigando a centos de familias campesiñas a ter que abandonar as súas terras por quedar sen medio de vida. Mesmo tamén se teñen denunciado mortes de nenos e nenas por envelenamento.

O glifosato é un herbicida defoliante dos máis potentes que existen, comercializado por Monsanto baixo a marca Roundup, que arrasa coa vida na súa totalidade, sexa vexetal ou animal. De feito, o Departamento de Saúde de California ten demostrado que este herbicida sistémico é o causante do 38% das intoxicacións de traballadores e traballadoras rurais. Ademais, o glifosato tamén



O glifosato non distingue entre plantas e persoas, como esta nena colombiana intoxicada co corpo cuberto de ronchas

pode causar danos xenéticos na xente exposta ou malformacións nos fetos en mulleres embarazadas, e produce lesións severas na pel e enfermidades gastrointestinais e respiratorias.

A pesares dos tremendos efectos destrutivos do glifosato, o presidente de Colombia, Álvaro Uribe, chegou a

declarar que se trata dun herbicida "ecolóxico". Así e todo non debeu resultar moi convincente, pois o novo presidente de Ecuador, Francisco Carrión, suspendeu as relacións con Colombia e presentará unha denuncia diante da Corte Interamericana de Dereitos Humanos por esta agresión química.

Un fungo transxénico para potenciar a devastación dos herbicidas

Outra grande ameaza que trae canda si o Plan Colombia, co cal se pretende erradicar o cultivo da coca, é a utilización do fungo transxénico *Fusarium Oxysporum* en combinación co glifosato, un axente biolóxico que utilizado en grandes cantidades, como as empregadas nas fumigacións aéreas pode provocar efectos "máis devastadores a longo prazo cós da bomba atómica de Hiroshima", informa a Rede de Prensa non Aliñada Voltairnet.

Parece ser que o *Fusarium Oxysporum* está considerado como arma biolóxica por ser altamente tóxico, xa que pode producir microtoxinas letais e é imposible de controlar unha vez que se aplica. Os seus efectos poderían ser devastadores para a biodiversidade da Amazonia e para os cultivos alimentarios da rexión.

Vía Campesina prepara en Sevilla o Foro para a Soberanía Alimentaria

Organizacións agrarias de África, Asia, América e Europa reuníronse, a mediados de decembro, na localidade sevillana de Molina. O seu obxectivo foi o de preparar o Foro Internacional para a Soberanía Alimentaria que celebrará a Vía Campesina na cidade de Nyeleni, en Mali, do 23 ao 27 de febreiro de 2007.

Precisamente, ese encontro internacional virará ao redor do dereito dos pobos a decidir sobre a súa propia produción e cultura alimentaria, en base a unha produción sostíbel e en harmonía cos recursos naturais e que garanta a vertebración do medio rural.

Unha das cuestións na que todas as organizacións estiveron de acordo foi no rexeitamento unánime do modelo neoliberal, "que inflúe nas políticas locais dos distintos países, facendo que labregos e labregas de todo o mundo compartan problemas moi semellantes e que se vexan, moitas veces, na obriga de enfrontarse entre si, dentro dun mercado en cuxo funcionamento non poden influír".

Inmobilizan 18 invernadoiros en Andalucía por usar praguicidas ilegais

A delegación de Agricultura en Almería inmovilizou cautelarmente dezaoito invernadoiros despois de que o Ministerio de Consumo de Alemaña denunciase a entrada no seu mercado de 4.000 quilos de pementos nos que se detectou o fitosanitario prohibido Irotem Fosmetil. Ao pouco, dez dos invernadoiros daban positivo.

As explotacións que utilizaron o Irotem Fosmetil terán que facer fronte ao precintado das súas instalacións durante un mes, a multas de ata 120.000 euros, e mesmo ser acusadas dun delito contra a saúde pública. Polo de agora, a venda de pemento almeriense en Alemaña caeu un 40%.

Encarceran e ameazan de morte a membros da Vía Campesina en Oaxaca

O estado mexicano de Oaxaca está a vivir dende o 25 de novembro un auténtico estado de sitio, coa masiva e brutal represión do Estado contra a Asemblea Popular dos Pobos, un movemento que integra a diversas organizacións sociais, labregas, indíxenas e sindicais que esixen a dimisión do gobernador Ulises Ruíz Ortiz. Entre os centos de persoas represaliadas atópase o dirixente da Unión Nacional de Organizacións Rexionais Campesiñas Autónomas

(Unorca), pertencente á Vía Campesina, Flavio Sosa, que se atopa ameazado de morte, e o seu irmán e o seu primo, que foron arrestados.

Nun comunicado de prensa dado a coñecer o 4 de decembro, o coordinador da rexión norte de América da Vía Campesina, Alberto Gómez, pedía o cese inmediato da represión, a liberación de todas as persoas detidas, a aparición da xente desaparecida, e a retirada da policía e do exército mexicanos.



As protestas en Oaxaca para pedir a dimisión do gobernador foron masivas, a pesares da brutal represión do Goberno

O SLG e Frouma fan as súas achegas á Lei de prevención de lumes forestais

Aínda que a valoración global de ambas organizacións foi positiva, apuntaron varias melloras posíbeis

O pasado 16 de decembro, o Consello Agrario Galego daba o seu visto bo á Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza. Dous días antes, tanto o Sindicato Labrego

como a Asociación Forestal Frouma facían públicas as súas valoracións sobre este texto lexislativo. Aínda que ambas organizacións o consideraban positivo dunha maneira global, pois

regula un eido do noso medio rural no que gobernou o caos e a improvisación nas últimas décadas, fixeron numerosas achegas para que poida mellorar este futuro regulamento.

Nunha rolda de prensa, Mariam Ferreira por parte de Frouma, e Manuel da Cal por parte do Sindicato Labrego, analizaron o contido da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais. Na súa intervención, Ferreira centrouse nos aspectos de carácter técnico. Así, considerou moi positivo o establecemento dun plano galego contra o lume cunha metodoloxía propia e cunha división do territorio en distritos forestais, concellos, localidades e montes, de maneira que permite orientar as actuacións contra o lume dende o global ao local.

Outro dos aspectos que salientou a responsábel da Asociación Forestal Frouma foi que a normativa establece as maneiras de tratar o monte, a explotación de biocombustíbeis, ou as faixas de protección obrigatorias para defender do lume aos núcleos rurais, edificacións, e diversas ins-



Frouma e SLG deron a coñecer a súa análise da lei diante dos medios de comunicación

talacións coma os cámpings.

Neste senso, Mariam Ferreira destacou a prohibición de plantar especies arbóreas pirofitas -aquelas que axudan a propagar o lume e que se estenden grazas á terra

queimada, como eucaliptos e mimosas- en zonas próximas a núcleos rurais. Así, o control das especies pirofitas axudará na loita contra os incendios forestais.

Polo demais, na valo-

ración de Frouma tamén houbo críticas, como a referida á contemplación do uso de herbicidas para o tratamento da biomasa, avogando por métodos que non sexan contaminantes.

Diversificación nas plantacións forestais fronte ao monocultivo de eucalipto

Outro aspecto positivo da lei será a creación das sociedades de xestión, que son unha fórmula para favorecer a agrupación das propiedades -que están demasiado parceladas- e facilitar o traballo nelas que, hoxe en día, ten que facerse coa utilización de maquinaria ante a escaseza de man de obra no rural. Neste eido, será fundamental o apoio que se lle dea ás comunidades de montes.

No eido reivindicativo, o SLG definiuse en contra dos monocultivos de calquera tipo e, en concreto no sector forestal, contrario ao monocultivo de eucalipto. Fronte a isto, Manuel da Cal defendeu a diversificación nas plantacións forestais, e mesmo nas industrias transformadoras de madeira que, no noso país, están demasiado centradas no procesamento de materia prima para celulosa. Por iso, o SLG reclamou que as axudas públicas vaian dirixidas ao fomento da diversificación e sostenibilidade das plantacións forestais para rematar coa laca do eucalipto e, en concreto, pediu que os fondos do novo programa de desenvolvemento rural 2007-2013 se orienten cara a esa fin.

En congruencia co devandito, o SLG defenderá a produción de madeiras de calidade e o seu aproveitamento no noso país, o cal implica que a diversificación se deba estender tamén á industria madeireira galega.

O texto prohíbe a forestación de terras agrarias e valora os usos agropecuarios

Pola súa banda, Manuel da Cal, en nome do Sindicato Labrego, centrou a súa intervención máis nos aspectos sociais e sindicais da nova normativa. Da Cal tamén tivo eloxios para a lei, xa que pode contribuír ao ordenamento do territorio e dos cultivos na medida en que establece as zonas e as árbores que se poden plantar e as que non. Por exemplo, quedará prohibida a plantación de especies coma o eucalipto ao redor dos núcleos poboacionais.

Un aspecto fundamental da lei para o Sindicato Labrego é que prohíbe a forestación de terras agrarias -unha demanda histórica desta organización sindical-, poñendo fin a unha política desenvolvida nas últimas décadas polo Partido Popular e que estaba a poñer en xaque ás explotacións de todos os

sectores produtivos galegos por arrebatarlles a súa base territorial.

■ Galiza é un dos países europeos con menor superficie agraria útil

As políticas agresivas de forestación de terras agrarias do PP deixaron a Galiza cunha superficie agraria útil do 22% do seu territorio, cando no resto do Estado teñen o 51%, e ningún país da Unión Europea ten menos do 40%. E iso a pesares da sangría de explotacións que pecharon entre 1987 e 1997 no noso país -112.600-, factor que debería ter contribuído a liberar terra para as explotacións que ficasen activas. Paradoxalmente, a superficie agraria útil en Galiza diminuíu nesa mesma década en case 89.000 hectáreas. A causa é que boa parte da liberada polo peche de ex-

plotacións abandonouse ou forestouse. Por fin, unha lei da Consellaría poñerá couro a esta desfeita.

Por outra banda, o Sindicato Labrego chamou a atención sobre a necesidade de contemplar a actividade agrogandeira como unha forma máis de combater o lume, xa que onde hai actividade agropecuaria os incendios atállanse moito mellor, pois os labregos e labregas manteñen limpos os montes e as fincas.

Por esa razón, Manuel da Cal demandou da Consellaría que favoreza a aquela xente que vive no rural, fronte á que vive do rural. Así, para o SLG, as axudas e apoios públicos deberían focalizarse cara á xente que vive e traballa no medio rural fronte a empresas, absentistas, etcétera, que teñen propiedades no agro.

Nace a indicación xeográfica viños da terra de Barbanza e Iria

O SLG colaborou estreitamente cos viticultores e viticultoras da bisbarra para facer o proxecto realidade

A Consellaría de Medio Rural presentou en decembro, xa de maneira oficial, a indicación xeográfica viño da terra de Barbanza e Iria, que pasa a ser a oitava rexión vitivinícola galega

protexida, tralas súas homónimas de Ourense e Betanzos, e as cinco denominacións de orixe. Desta maneira, chega a bo porto o traballo dos viticultores e viticultoras da bisbarra bar-

banzá, que tiveron en todo intre o asesoramento e apoio do Sindicato Labrego Galego, e a boa recepción da Consellaría de Medio Rural que dirixe o nacionalista Alfredo Suárez Canal.

A área que abrangue a nova indicación xeográfica viño da terra de Barbanza e Iria é a dos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira e Valga, así como algunhas parroquias de Lousame, Padrón e Porto do Son.

Para o responsábel do Sindicato Labrego na zona, Xosé Manuel Casal, a creación do viño da terra de Barbanza e Iria supón o recoñecemento de que nesta comarca, a pesares de ser tradicionalmente mariñeira, tamén hai unha base agraria moi importante; e, en especial, recoñece o traballo de moitas xeracións de viticultores e viticultoras que souberon manter unha tradición e unhas determinadas castes de uva autóctona ao longo dos anos".

Casal pensa que esta protección para os viños de Barbanza e Iria "pode crear moita riqueza na zona, asentando postos de traballo no medio rural e ani-

mando á xente a dedicarse á actividade agraria de maneira principal". Respecto disto último, cómpre saber que moita da xente que se dedica á viticultura no Barbanza non a ten como medio de vida, pois ata o de agora non tiña asegurados uns prezos para a uva nin a comercialización do viño que producían. Así, di Casal, "este será un primeiro paso para xerar unhas rendas agrarias importantes ao redor do viño".

Respecto do traballo desenvolvido polo SLG de cara a apoiar a creación desta indicación xeográfica, a organización agraria "axudou á Asociación de Viticultores do Barbanza a realizar un estudo para valorar a situación de partida do sector vitivinícola na bisbarra e, ao mesmo tempo, tamén organizou, colaborando coa devandita asociación, un curso de viticultura e vinificación moi ben valorado pola xente que participou nel".

Así e todo, Casal re-



Unha das actividades levadas a cabo polo SLG para apoiar o viño do Barbanza foi un curso de viticultura e vinificación

coñece que "a indicación xeográfica naceu grazas a un grupo de labregos e labregas da comarca que se autoorganizaron e que decidiron apostar polo futuro e por

unha nova economía agraria na bisbarra ao redor do viño. Sen eles e sen elas, sen a Asociación de Viticultores do Barbanza, a indicación xeográfica non existiría".

Máximo de 10.000 quilos por hectárea para uva branca e 8.000 en tinta

As variedades de uva coas que se elaborarán os viños acollidos á indicación xeográfica son Albariño, Caíño branco, Godello, Loureira branca ou Marqués, Treixadura e Torrontés para os viños brancos; e Brancellao, Caíño tinto, Espadeiro, Loureira tinta, Mencía e Sousón para os tintos. Permitirase unha produción máxima de 10.000 quilos por hectárea no caso de uvas brancas, e 8.000 quilos no de uvas tintas, cun rendemento máximo de 67 litros de mosto por 100 quilos de uva. Os primeiros viños de Barbanza e Iria que saian ao mercado serán os da anada 2007, e calcúlase que a produción andará ao redor das 100.000 botellas.

Visitas formativas do SLG a explotacións e adegas ecolóxicas

O pasado 13 de decembro, varios viticultores e viticultoras de denominacións de orixe Ribeiro, Monterrei e Valdeorras, visitaron dúas adegas de produción ecolóxica: Descendentes de J. Palacios, na DO Bierzo; e Docampo-Gacio CB, en Valdeorras.

A primeira delas está rexentada por Álvaro Palacios e Ricardo Pérez, tío e sobriño, de orixe rioxana e afincados no Bierzo dende 1999, e cunha gran tradición vitícola ás súas costas.

Os viñedos que se visitaron estaban situados no concello de Corullón. A adega conta con 180 parcelas propias de viñedo vello

repartidas en trinta hectáreas. As cepas, da variedade Mencía, atópanse en pronunciadas pendentes e baixo un sistema de produción ecolóxico. Das trinta hectáreas, sete cultívanse seguindo as normas da agricultura biodinámica, na que se utilizan cabalos para labrar a terra, cobertura permanente do solo, e está prohibida a utilización de fitosanitarios. Respecto deste último, Ricardo e Álvaro empregan xofre, sílices e, cando as condicións climatolóxicas son moi adversas, cobre.

En canto ao viño, os Palacios teñen sete castes, e xa están pensando en facer outras novas. O máis comercial é de

tipo rexional o que se vende baixo o nome "Pétalos do Bierzo". Tamén embotellan a marca Corullón, que é un viño municipal. Onde máis variedade hai é nos viños de finca: "San Martín", "Fontelas", "Moncerbal", "As Lamas" e "A Faraona". Este último é o único qu se saca dunha soa parcela de media hectárea.

Pola tarde, as persoas que participaron na excursión achegáronse ata a Serra da Enciña da Lastra, en Biobra (Rubiá), para ver o traballo a Adega Docampo-Gacio CB, a única inscrita no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) da DO Valdeorras. Esta ade-



Os viñedos de uva Mencía da familia Palacios están situados nas pronunciadas pendentes do concello de Corullón

ga comezou a súa andaina no ano 1999, con dúas hectáreas de viñedo con variedades tintas, Mencía e Tempranillo; e Godello en brancas.

Os viñedos están situados a unha altitude de 800 metros, e os tratamentos que

se fan son a base de sulfato de cobre e xofre. O viño comercialízase baixo a marca "Bacelos de Biobra" e, nestes intres, a adega está inmersa na construción dunha destilería na que se elaborarán e envasarán licores ecolóxicos.

O congreso do viño do SLG elixirá unha nova directiva para o sector

Celebrarase o 27 de xaneiro n'A Rúa de Valdeorras, e acudirán viticultores e viticultoras das cinco DOs

A última xuntanza da Dirección Nacional do Viño do Sindicato Labrego Galego fixou para o 27 de xaneiro o congreso sectorial, que se celebrará na localidade d'A Rúa, en terras de

Valdeorras. Deste evento xurdirá un novo órgano directivo que se atopará cun importante traballo feito en materia de prezos e contratos, pero con algunha materia pendente no país como

a potenciación das pequenas adegas e cooperativas, segundo informou o responsable saínte deste órgano, Xurxo Álvarez, tras botar dous anos e medio á fronte do mesmo.

Unha das tarefas do congreso do viño do Sindicato Labrego será elixir unha nova Dirección Nacional para o sector. Desta maneira, rematan dous anos e medio nos cales estivo á fronte da mesma Xurxo Álvarez. Este viticultor de Cenlle, na denominación de orixe Ribeiro, lembra que a Dirección Nacional do Viño naceu "para tentar organizar o sector, pois estamos a falar dun eido da agricultura moi complicado pola diversidade das zonas vinícolas".

Neste senso, unha das tarefas na que se notou o traballo da Dirección do Viño foi a de considerar como un problema de país os prezos das uvas ou a comercialización dos viños elaborados por pequenas adegas e cooperativas". A xuízo de Xurxo, este foi "un traballo positivo, aínda que nos falta moito camiño por andar". Tamén destacou Álvarez o "importante traballo desenvolvido polo coordinador do sector dentro do SLG, Xosé Manuel



Xurxo Álvarez, á esquerda, estivo dous anos e medio á fronte da Dirección Nacional do Viño do Sindicato Labrego

González Vilas".

En canto ás mesas do viño, Xurxo destacou "o cambio á hora de establecer relacións entre a Administración e os industriais para fixar o valor das uvas; aí avanzouse moito, aínda que, dende un punto de vista persoal, creo que se poderían ter establecido mellores prezos, pero recoñezo que este era un primeiro paso e non se

pode tirar moito, pois as industrias non estaban polo labor, e os outros sindicatos se amosaron en contra do proceso, con Unión Agrarias torpedeando sempre as negociacións coa súa demagogia, sen traer propostas e dicindo que non a todo por sistema; e Xóvenes que, aínda que nun principio se botaba para atrás, a última hora asinou".

Necesidade de afondar no traballo coas pequenas adegas e cooperativas

Tamén lle preguntamos a Xurxo Álvarez sobre os retos aos que se terá que enfrontar a nova Dirección Nacional do Viño do SLG que se forme o 27 de xaneiro. Aí, este viticultor e sindicalista do Ribeiro non dubidou á hora de afirmar que "unha materia pendente que nos queda dende o punto de vista sindical é a de afondar máis na cuestión do viño embotellado por pequenas cooperativas e adegaes@s. Trátase dun viño que debemos potenciar, pois é unha das poucas saídas coas que se atopan hoxe viticultores e viticultoras para facer rendíbel a súa actividade".

O responsable saínte da Dirección do Viño do SLG explica que "o Sindicato Labrego aposta claramente polas pequenas cooperativas e adegas, pero ata agora estivemos moi centrados na demanda duns prezos dignos para a uva, o cal é normal, pois era unha cuestión máis urxente que afectaba á totalidade do sector. Aínda así, non debemos esquecer que se está a dar unha dinámica entre a xente con máis inquedanzas, entre a que me sinto incluída como produtor, de embotellar a propia produción e vendela. Eu creo que aí temos que poñernos a traballar".

En efecto, o propio Xurxo Álvarez elabora e comercializa o seu propio viño, obtido a partir dos acios dos seus viñedos. Iso fai que viva en primeira persoa outro dos problemas do sector ao cal cómpre plantarlle cara, que é o das marxes comerciais, especialmente no sector da restauración. Para Xurxo, "é case un crime a diferenza de prezo entre o que se paga en orixe pola uva e o valor que acada unha botella de viño na mesa dun restaurante, que moitas veces anda polo 400%".

Rias Baixas e Ribeira Sacra xa superan o milleiro de contratos homologados

Aínda que non rematou o proceso de formalización de contratos homologados, as diversas comisións de seguimento das catro denominacións de orixe onde se están a realizar xa fixeron públicos os primeiros datos.

Na denominación de orixe Ribeiro non se visara ningún contrato a finais de decembro, segundo informou o representante do SLG na comisión de seguimento, Xosé Manuel González Vilas. Non aconteceu así en Valdeorras, onde xa se levaban formalizados uns 150

pola mesma data, segundo explicou Raquel Biscaia, que como Vilas traballa polo Sindicato Labrego no equipo encargado de velar polo proceso de compravenda da vendima nesta denominación de orixe.

Biscaia aclarou que en Valdeorras ampliouse o prazo para formalizar contratos un mes máis con respecto ao previsto, xa que están pendentes de falar con moitos viticultores, viticultoras e adegas que non se sumaron ao proceso. Así e todo, Raquel Biscaia pensa que o

traballo da comisión de seguimento está a facer unha importante achega ao desenvolvemento do sector. O que semella que non chamou tanto a atención foi a posibilidade de cobrar a vendima antes de que remate o ano co convenio do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), "se cadra porque a xente está afeita a cobrar con outro tipo de prazos".

Onde os contratos homologados tiveron mellor acollida, polo de agora, foi en Rías Baixas e en Ribeira Sacra. Na primeira destas

denominacións de orixe, o Sindicato Labrego ten a Antonio Álvarez na comisión de seguimento, que notificou que, a mediados de decembro, xa ían 1.304 contratos asinados, onde se inclúen os feitos polas cooperativas e entre adegas e particulares.

■ Previsións entre 1.500 e 1.800 en Ribeira Sacra

Na Ribeira Sacra, a comezos de xaneiro, xa se formalizaran un milleiro de contratos, e segundo as previsións de Tareixa García

Ferradal, da comisión de seguimento desta DO, podería chegarse a 1.500 ou 1.800 cando remate o proceso. Como en Valdeorras, aquí tampouco tivo moita repercusión a posibilidade de cobrar antes do 31 de decembro a través do Igape, e mesmo houbo moitas adegas que, a pesares de asinar contratos, pagaron en man.

Tareixa fixo unha valoración moi positiva de todo o proceso e destacou o bo consenso existente entre todos os axentes do sector nesta denominación de orixe.

O SLG segue coa súa campaña para limpar a Galiza de transxénicos

No Estado, Mallorca súmase ao País Vasco e Asturias como territorio ceibe de organismos manipulados

A pesares de que a maioría da poboación europea demostra continuamente que non quere organismos xeneticamente modificados (OXMs) nos seus alimentos, e que moitas em-

presas agroalimentarias están a pedir garantías a labregos e labregas de non utilizar sementes manipuladas antes de mercar as colleitas, segue habendo se-

mercado e moitos pensos para animais que conteñen millo e soia manipuladas. Por iso, o SLG segue coa súa campaña para limpar as nosas explotacións destes organismos.

Para obrigarlle ao Goberno a que conceda o dereito legal de declarar un territorio -municipio, comarca, comunidade autónoma, etcétera- libre de transxénicos, e para demostrar que o noso sector agrario non quere empregar organismos manipulados xeneticamente, estanse a declarar libres de OXMs diferentes concellos e rexións na Europa e do Estado español, e tamén explotacións agropecuarias individuais.

O SLG considera que é moi importante demostrar que a tecnoloxía xenética non interesa a labregos e labregas, e que as institucións teñen a obriga de protexer á xente dos impactos negativos que ten. Para iso, segue a desenvolver a campaña para declarar explotacións ceibes de OXMs. Para iso, cómpre encher unha declaración coa cal, quen a asine, comprométese a non utilizar organismos manipulados na actividade agraria.

A declaración poderana asinar todas as persoas titu-

lares de explotacións -sexan propietarias ou arrendatarias- nos sectores vitivinícolas, froiteiros, hortícolas extensivos. Do sector gandeiro, soamente poden asinar as explotacións de réxime ecolóxico e extensivo, aquelas que non inclúen soia e glute de millo na súa alimentación gandeira, ou as que usan soia e glute de millo con certificación de non ser transxénico. O noso sector gandeiro ten fortes problemas para garantir pensos libres de OXMs, mais o Sindicato Labrego está traballando para procurar solucións a este problema ao haber unha considerable demanda de produtos gandeiros libres de transxénicos.

O sector forestal, na actualidade, esta libre de transxénicos, polo que se poderían incorporar plantacións de calquera tipo no rexistro, sexan particulares ou comunidades de montes veciñais. Polo demais, declarar unha explotación ceibe de transxénicos non implica asumir responsabilidades. Simple-



Protestas pedindo a declaración de Irlanda como ceibe de OXMs, país onde xa deu este paso o condado de Westmeath

mente, indícase o carácter libre de organismos xeneticamente manipulados desa explotación na actualidade, e o desexo de seguir estando

limpa no futuro. Para facela, só hai que acudir a calquera oficina ou xuntanza do Sindicato Labrego, e cubrir a ficha que hai nesta páxina.

Os ministros de Medio Ambiente da UE recoñecen o dereito a prohibir OXMs

O 18 de decembro, os ministros de Medio Ambiente da Unión Europea dábanlle unha labazada á Comisión e recoñecían o dereito dos estados a prohibir o cultivo de transxénicos. Esta decisión tomábase sobre o caso concreto de Austria, que prohibiu dúas castes de millo manipulado xeneticamente.

A nota curiosa púxoala a Ministra de Medio Ambiente española, Cristina Narbona, que acusou ao PP de converter a España no maior produtor de transxénicos da Unión Europea, o cal é certo. Nembargante, e nun auténtico exercicio de cinismo político e desmemoria, Narbona esquece que, coa súa compañeira Elena Espinosa no Ministerio de Agricultura, España mantén case inalterábeis as 60.000 hectáreas de cultivos manipulados que atopou cando empezou a gobernar o PSOE en 2004, cifra que sitúa ao Estado español entre os catorce maiores produtores de transxénicos do mundo.

Outra boa nova acontecía o 4 de decembro: o Consell de Mallorca, cos votos en contra do PP, declaraba a illa como territorio ceibe de transxénicos. Trátase dunha iniciativa valente, se temos en conta que Mallorca, segundo a responsábel de Esquerda Unida-Els Verts, Margalida Roselló, "ten 20.000 hectáreas de transxénicos cultivadas". Desta maneira, Mallorca súmase a Asturias e País Vasco como territorio limpo de transxénicos no Estado español.

DECLARACIÓN DE EXPLOTACIÓN LIBRE DE TRANSXÉNICOS

Data de rexistro:

Numero de rexistro:

Nome da explotación:

Nome persoa titular:

Enderezo postal completo:

Telefono:

Enderezo electrónico:

Produción:

Extensión:

Foto da explotación (opcional)



Compromiso

A persoa que asina, declara que na unidade territorial especificada nesta ficha, non se usan sementes, pensos ou calquera outro elemento xeneticamente modificado, e que quere seguir manténdola libre de organismos xeneticamente modificados ou transxénicos no futuro.

Sinatura da persoa titular

(Recortar e entregar na oficina sindical do SLG da súa comarca)

Crónica do traballo da Secretaría das Mulleres do SLG contra este flagrante caso de discriminación

Un ano a voltas coas axudas para nais con fill@s menores de tres anos

Nesta crónica, a responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, repasa a que foi unha das principais fronteiras de loita nas cuestións de xénero que afectan ás labregas: o dereito a que as profesionais da agricultura e da gandería poidan cobrar unha axuda de cen euros ao mes por ter fillos ou fillas menores de tres anos. Aínda que esta loita rematou nunha vitoria para todas as labregas do Estado grazas ao traballo en exclusiva do SLG, co apoio da COAG, a problemática aínda colee.

Decembro de 2005

■ Algunhas mulleres labregas comezan a recibir requirimentos da Axencia Tributaria reclamándolles as cantidades cobradas no exercicio 2004 en concepto da axuda de cen euros mensuais correspondentes a traballadoras en activo con fillos e fillas menores de tres anos. A Axencia Tributaria di que "non consta que realicen actividade agraria, xa que non teñen ingresos propios da mesma".

Xaneiro de 2006

■ Entre xaneiro e febreiro, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego elabora os recursos de reposición correspondentes, alegando que as mulleres labregas cumpren os requisitos esixidos para esta axuda: "as mulleres con fillos e fillas menores de tres anos con dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 43, que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dadas de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutualidade, poderán minorar a cota diferencial do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ata en 1.200 euros anuais por cada fillo ou filla menor de tres anos". Achegamos probas de que cotizan na Seguridade Social Agraria, dado que traballan na explotación familiar co seu cónxuxe.

■ **6 de xaneiro.** A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, e a responsábel da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba, denuncian nunha rolda de prensa esta discriminación que afecta ás agricultoras.

■ A algunhas labregas a Axencia Tributaria comunícalles un prazo dun mes para devolver o diñeiro cobrado durante o ano 2004.

■ Presentamos un informe con esta problemática á secretaria xeral para a Igualdade da Xunta de Galicia, Carme Adán, que se compromete a facer as dilixencias para solucionar estes expedientes.

■ **27 de xaneiro.** A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego envíalles á Secretaría de Estado para

a Igualdade e ao Vicepresidente Segundo e Ministro de Economía e Facenda, un informe. Nel, solicítaselles que se emprendan as actuacións oportunas coa fin de garantirmos ás mulleres labregas o acceso a este tipo de axudas, así como a anulación das reclamacións de devolución en proceso de tramitación.

Febreiro de 2006

■ Octavio Granado, secretario de Estado para a Seguridade Social, a instancias do SLG, diríxese ao secretario de Estado de Facenda e manifesta a súa intención de "chegar a unha solución que permita a aplicación sen maiores problemas da dedución fiscal por maternidade e coidado de menores de 3 anos ás traballadoras agrarias por conta propia". A Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) colabora con nós activamente, facilitando a interlocución cos organismos estatais.

■ **6 de febreiro.** Dolores Beato, directora de gabinete da Secretaría de Estado de Facenda, envíalle unha carta a Lidia Senra indicando que "as observacións realizadas serán obxecto de estudo e de consideración polos servizos competentes".

Marzo de 2006

■ **21 de marzo.** Olaia Fernández Davila (BNG), en representación do Grupo Parlamentario Mixto, presenta unha proposición non de lei relativa ao "acceso das mulleres agricultoras á axudas destinadas ás mulleres en activo con fillos e fillas menores de tres anos", proposición que foi debatida e aprobada pola Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Xullo de 2006

■ A Axencia Tributaria desestima os recursos de reposición presentados.

Agosto de 2006

■ **4 de agosto.** A Secretaría das Mulleres denuncia nunha rolda de prensa a discriminación que supón

impedirlles ás labregas que non son titulares acceder á axudas por fillos e fillas de tres anos.

■ As labregas, co apoio dos Servizos Xurídicos do Sindicato Labrego Galego, presentamos reclamación no Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galiza. Pedímoslles declaracións xuradas a recolledores de leite, vendedores de concentrados, persoal administrativo que nos fai trámites, veterinarios e veterinarias... Hai que lembrar que as mulleres que non somos titulares non figuramos en ningún rexistro da Administración, a non ser nos da Seguridade Social Agraria, proba que se presentou en todos os casos.

Setembro de 2006

■ Nunha entrevista realizada en Madrid, a responsable da Secretaría das Mulleres solicítalle un informe sobre este tema a Rosa Peris, directora do Instituto da Muller, organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través da Secretaría Xeral de Políticas da Igualdade.

Outubro de 2006

■ **6 de outubro.** O Instituto da Muller conclúe que "con independencia de cal sexa a orixe desta situación, o resultado da mesma é, inequivocamente, unha discriminación (respecto das mulleres afiliadas e en alta de outros Réximes da Seguridade Social), en prexuízo das mulleres agricultoras, por razón da súa condición de traballadoras agrarias afiliadas á Seguridade Social e en alta no Réxime Especial da Seguridade Social, discriminación que é contraria ao artigo 14 da Constitución".

■ **20 de outubro.** Luís Pedroche y Rojo, director xeral da Axencia Tributaria, envíalle unha carta ao Secretario de Estado da Seguridade Social na que se recolle o seguinte: "á vista da singularidade que teñen as explotacións gandeiras familiares, demos instrucións para que a partir de agora a alta no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social leve canda si a presunción de

que se exerce efectivamente a actividade salvo proba en contra". Di así mesmo "para os expedientes que están abertos a control nestes momentos, demos instrucións para que fosen pechados con criterios de flexibilidade, admitindo como medios de proba a efectos da xustificación da efectividade do traballo: contratos, facturas, albaráns, declaracións de testemuñas, preferentemente subministradores, libros de matrícula, documentación do ingreso de cotizacións sociais de xornaleiros e xornaleiras, documentación para o transporte da colleita, documentación de veterinarios e veterinarias, etcétera".

■ **24 de outubro.** A Secretaría de Estado para a Seguridade Social informa publicamente das anteriores actuacións de cara a rematar definitivamente con esta discriminación. Algunhas organizacións agrarias que nunca fixeron nada neste tema felicítanse polo éxito. En fin, é o que acostuman facer.

Novembro de 2006

■ O Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galiza desestima os recursos presentados polas mulleres agricultoras, alegando que as declaracións das testemuñas non se fixeron nun xulgado ou nunha notaría.

Xaneiro de 2007

■ Remata o prazo para interpor un Recurso Cotencioso Administrativo. Temos que nomear un avogado ou unha avogada, e un procurador ou procuradora. ¿Dous anos máis para que saia o xuízo? ¿cantos gastos e mareos máis? ¿como é posible que sigan a pasar estas cousas?

Isto é ou non é acoso administrativo contra as labregas? Lembramos que a violencia non é só cando se agrede fisicamente.

Publicación dos datos referentes aos dereitos de pagamento único das explotacións galegas

Esta orde dá publicidade aos datos relativos ás asignacións definitivas, aos labregos e labregas de Galiza, dos dereitos de pagamento único por explotación, no marco da política agraria común (PAC).

A maiores, sinala como lugares onde coñecer o contido íntegro de cada resolución individualizada as oficinas agrarias comarcais e a páxina web da Consellería do Medio

Rural, no enderezo: <http://www.mediurural.xunta.es/PAC>.

A data para acceder a estes datos será a **partir do 8 de xaneiro de 2007**. No **prazo dun mes**, a partir dese día, a xente interesada poderá presentar recurso de alzada ante o presidente do Fondo Galego de Garantía Agraria, contra a asignación ou non asignación de dereitos de pagamento único.

Devolución parcial do imposto sobre o gasóleo agrícola

Esta orde fala do dereito a percibir a devolución dos impostos de hidrocarburos que se lles recoñece a todos e todas as titulares de vehículos que, con carácter previo aos consumos de gasóleo profesional nos motores dos mesmos se atopen inscritos no censo de beneficiarios, e á que se poden acoller @s profesionais da actividade

agropecuaria. Para inscribirse nese censo de xente beneficiada cómpre facelo nas oficinas do Sindicato Labrego Galego, onde se informará de todos os particulares que competen a esta orde.

O **prazo** para cumprir os requisitos e obrigas desta orde e poder beneficiarse dela estará aberto ata o **31 de marzo de 2007**.

Medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións no agro

Esta orde ten por obxecto desenvolver o réxime de axudas para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas durante o mes de novembro no territorio de Galiza, no ámbito das competencias da Consellería do Medio Rural.

Poderán ser obxecto de axuda a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas durante o mes de novembro de 2006 en explotacións agrícolas e gandeiras que non fosen cubertas polas medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado no ámbito dos concellos de Arzúa, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira e Rois,

na provincia da Coruña, e A Illa de Arousa, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Catoira, Cuntis, Marín, Meaño, Meis, Moaña, O Grove, Poio, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa na provincia de Pontevedra.

Estas axudas, convocadas polas consellarías correspondentes, tamén cobren nos mesmos concellos os falecementos, incapacidades absolutas permanentes, lesións que causasen a hospitalización da persoa ferida, danos en vivendas e no enxoval doméstico

O **prazo** para facer as solicitudes remata o **16 de xaneiro de 2007**.

Premian o número 47.697 na lotaría de Nadal repartida polo Sindicato Labrego Galego

O nº 47.697 correspondente ao sorteo da Lotería de Nadal, resultou premiado con 6 euros por euro xogado (15 € por participación). Este número xogárono as provin-

cias de Ourense e Pontevedra. Para facer efectivo o cobro das participacións, poden pasarse polos locais do Sindicato Labrego Galego nas devanditas provincias.

Adquisición de dereitos no banco coordinado de cotas leiteiras e asignación da reserva

A presente orde establece para a campaña 2006/2007 os procedementos de xestión de solicitudes de adquisición de cota ao banco coordinado de cotas lácteas, así como o procedemento de valoración e clasificación das solicitudes de asignación da reserva.

O prezo de adquisición das cantidades do banco estableceuse en 0,27 euros / quilo. O resto das cantidades asignadas faranse de forma gratuíta e terá a consideración de cota da reserva nacional.

Poderán ser beneficiari@s do banco, logo de pagamento do importe correspondente, @s produtores e produtoras que o soliciten e sexan titulares dunha explotación gandeira en Galiza e reúnan os requisitos establecidos.

Quen estea interesad@ en obter cantidades de referencia do banco de cotas, deberá presentar, **antes do 17 de xaneiro**, unha solicitude dirixida ao conselleiro do Medio Rural e ao director xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura.

Orde pola que se regula a cédula que permite pedir axudas para rehabilitar vivendas no rural

Esta orde regula o procedemento de obtención, as actuacións previstas, os requisitos exixidos e canto for necesario para o funcionamento da cédula de rehabilitación de calidade, creada coa fin de asesorar e tutelar a calidade das actuacións de rehabilitación e renovación das vivendas do medio rural e dos conxuntos históricos de Galiza.

As vivendas que obteñan a cédula de rehabilitación de calidade poderán ser beneficiarias das subvencións, premios e beneficios fiscais que as administracións competentes na materia convoquen ou publiquen con destino a elas; e, en concreto, das axudas para rehabilitación e renovación de calidade das vivendas do medio rural, cuxas

bases xa foron publicadas en setembro. É dicir, para obter axudas para a restauración dunha vivenda no medio rural cómpre obter, previamente, esta cédula de rehabilitación de calidade.

As actuacións que poderán ser obxecto da cédula de rehabilitación de calidade son as seguintes: acabamentos de fachada, carpintaría exterior, cubertas, elementos estruturais e construtivos, adecuación ou realización de instalacións en xeral, mellora das condicións de illamento en xeral, medidas de seguranza (incendios, sinistros, etcétera), cabamento de elementos comúns, e todo o que teña que ver coa habitabilidade.

O prazo de solicitude manterase aberto durante todo o ano.

Pago adicional á carne de vacún de calidade

Neste ano 2006 entrou en aplicación o Regulamento (CE) nº 1782/2003, no que se contempla o novo réxime de pagamento único e outras axudas orientadas á protección ou á mellora do medio ambiente e para a mellora da calidade e a comercialización de produtos agrarios.

Neste último tipo de axudas están englobadas as que se denominan "Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente", que ampara aos animais sacrificados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006 baixo a Indicación Xeográfica Protexida "Ternera Gallega" ou "Agricultura Ecolóxica de Galicia"

O **prazo para solicitar estas axudas remata o 15 de Xaneiro de 2007**.

A Consellería de Medio Rural está a mandar unha carta a todas as explotacións que sexan susceptibles de percibir este tipo de axudas, e que aínda non as solicitaran, na cal se achegará unha presolicitude cunha serie de datos que hai que comprobar. Na mesma carta tamén se indica a documentación que hai que achegar.

Estas solicitudes pódense presentar nas Oficinas Agrarias Comarcais.

Se non recibides esta carta, poden pasar por calquera oficina do Sindicato Labrego Galego para facer a solicitude.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Sala de muxir de catro puntos marca MIELE. Con medidores de 33 e revisada hai un mes.
Chamar ao 981 797 084

Véndense

Dúas porcas entre 150 e 200 quilos, criadas na casa e alimentadas con fariña e millo.
Preguntar por Álvaro no teléfono 981 691 881

Véndense

Dúas pías de pedra de 1'5 por 0'80 metros.
Chamar ao 981 797 548

Véndense

Por peche de explotación:
-Tractor John Deere 1140.
-Autocargador GALLAGRI.
-Encintadora FORTE.
En Outeiro nº 8, Masma (Mondoñedo).
Chamar ao 616 989 964

Véndense

-Arado de tres regos.
-Grade de discos.
Chamar ao 628 071 424

Véndese

Autocargador POTTINGER Euro-profi 1. En moi bo estado.
Preguntar por Gilo no teléfono 676 622 403

Véndese

Esterco de caprino en Allariz.
Chamar aos números de teléfono 988 441 000 e 627 094 135

Véndese

Esterco de ovella en Baños de Molgas.
Chamar aos números de teléfono 988 430 146 e 686 304 617

Véndese

LADA Niva 1.6. con enganche para remolque. En bo estado.
Chamar ao 649 823 161

Véndense

-Autocargador BEVILACQUA.
-Rotativa GALFRE de cinco discos.
Chamar ao 982 349 163

Véndense

-Herba seca en pacas penas.
-Rolos de silo.
-Segadora rotativa.
-Grade de dentes.
-Autocargador.
-Remolque simple.
En Touro (A Coruña)
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084

Véndense

Tuias. Fáille á túa casa ou á túa leira un peche con tuias. Plantas coa raíz espida e de distintos tamaños. vende Ramón.
Chamar ao 619 963 003

Véndense

-Remolque espaxecedor de estercos.
-Tanque de frío de 330 litros, marca ALFA LAVAL.
-Estendedor de silo con 1 ano de uso.
Chamar ao 982 164 103

Véndense

-Rulos de herba seca.
Chamar ao 690 828 935

Véndense

Vacas de leite por abandono. Na zona de Cambas.
Chamar ao 666 150 749

Véndese

Pinza desensiladora marca TENIAS.
Chamar ao 666 667 445

Véndese

Equipo de frío para adega de 3.500 frigorías. Seminovo. Prezo: 1.850 euros.
Preguntar por Xosé Antonio Carrasco no 981 295 429

Véndese

Tanque de leite de 1.050 litros, dous muxidos e sala de muxido de catro puntos.
Chamar ao 620 622 581

Véndese

Carro mesturador de 9 m³, con fresa. Tres anos e medio de uso.
Chamar ao 625 871 440

Véndense

-Fresadora HOWER 2.20 de labor.
-Reper de cinco dentes con subsolador.
Chamar ao 686 118 173

Véndense

Vaca Rubia Galega de seis anos, cunha cría de seis meses.
Preguntar por Primo no teléfono 982 144 112

Véndese

Finca rústica de dúas hectáreas preto d'As Pontes.
Chamar ao 646 964 335

Véndese

Xata de 14 meses de raza Cachena.
Chamar ao 982 314 118

Véndese

Carro mesturador horizontal, de 10 m³, marca NUTRIFEED. Ten báscula electrónica, pé hidráulico e só dous anos de uso.
Chamar ao 676 902 914

Véndese

Autocargador CALGRI de 20 metros. Prezo: 1.200 euros.
Chamar ao 982 177 080

Véndense

Xovencas frisonas con carta.
Chamar ao 982 164 477

Véndense

Autocargador galvanizado de 22 metros.
Preguntar por Francisca no teléfono 981 788 221

Véndense

-Tractor SAME 60 con dobre tracción.
-Escampeadora.
-Triciclo.
-Desensilador KUHN.
-Grade de dentes.
-Secadora CAMON.
-Rotoempacadora FARAVOLY.
-Remolque de tractor.
-Rastrillo mixto.
-Fresadora 170 HOWARD.
-Arado de dúas vertedoiras.
Chamar ao 981 199 048

Véndese

Malladora-espalladora de trigo na eira, marca CAMPEBA.
Chamar ao 981 684 589

Véndese

-Arado de monte mediano.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Véndese

-Autocargador JB con pico novo.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 696 660 023

COMPRAS

Mércanse

Xovencas ou vacas marcadas de raza Rubia Galega.
Preguntar por Manolo no teléfono 636 891 224

Mércanse

-Sulfatadora suspendida.
-Plantadoras de patacas.
Chamar ao 981 669 250

Mércase

Remolque de tractor con tracción para modelo PASQUALI.
Chamar ao 986 666 202

Mércanse

Pacas de palla. Mellor pequenas. En Teixeira (A Coruña).
Chamar ao 981 789 215

Mércase

Sistema de limpeza das cortes.
Chamar ao 628 616 664

Mércase

Encintadora de rolos.
Chamar aos números de teléfono 981 088 071 e 620 660 115

Mércanse

-Cisterna de 6.000 litros.
-Fresa de 2'30 metros.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Mércase

Invernadoiro, na zona de Crecente.
Chamar aos números de teléfono 986 666 302 e 670 714 232

OUTROS

Búscase

Traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgas.
Chamar aos números de teléfono 686 304 617 e 988 430 146

Alúgase

Finca de 7 hectáreas con dúas naves, en Touro (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084



Anúnciese!!



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Xosé Díaz Taboada, gandeiro e membro da Dirección Nacional do SLG

Para chegar á pradería na que pacen as vacas rubias de Xosé Díaz Taboada, tivemos que cruzar por un souto de castiñeiros centenarios entre as néboas matutinas do Miño. A estampa expresa a aposta pola tradición e a calidade deste gandeiro, cuxos tenreiros aleitan das nais e completan a súa alimentación con fariña de millo e herba seca. Con once hectáreas de pastos no lugar de Mosteiro, na parroquia chantadina de Pedrafita, Xosé combina a produción de carne de vacún coa cría doutros animais para a manutención, e coas responsabilidades na Dirección Nacional do SLG.

“Nos últimos tempos comezaron a mellorar un pouco os prezos da carne de vacún”

■ Como está actualmente o sector da carne?

Non é que estea moi ben, pero nos últimos tempos semella que está comezando a mellorar algo no que se refire aos prezos. Un dos factores que puido influír neste último é que están pechando moitas explotacións e a produción de vacas e becerros baixa.

■ Entón, a canto pagan a carne de vacún agora?

Eu véndolle a carnicerías, e o me pagan vén abaneando, neste intre, entre os 4'20 e os 4'50 euros por quilo. O prezo debería ser mellor, pero os intermediarios seguen a quedar con boas marxes. Esa mesma carne que eu vendo, a xente mércaa despois a prezos de 7'20 euros.

■ E a iso hai que engadirlle a suba constante de custes como gasóleo, abonos, pensos, etcétera. Vostede notouna?

Claro que se notou ben.



Os custes representan unha carga cada vez máis forte para as explotacións. Onde

máis me prexudicou foi no gasóleo e nos pensos. Hai ocasións nas que a activi-

dade agraria non compensa, pero quen temos as raíces no campo aquí seguimos.

“Habería que promover máis a carne de calidade e non o cebo de gando frisón”

■ Que opina da IXP Ternera Gallega?

Creo que está ben a categoría Suprema, pois é unha carne de boa calidade. Non se pode dicir o mesmo da Tenreira Galega normal, pois é corrente de máis. Eu, de feito, non me quero acoller a esta indicación porque non me acaba de convencer ao cento por cento a maneira que teñen de traballar. A min gústanme as cousas moi claras, e en Tenreira Galega eu non as vexo así. Creo que, de cara a quen consume, debería informarse máis: de onde procede esa carne, quen a produce, con que se alimentou ao gando, etcétera. Para min iso é fundamental, e o único xeito de diferenciar a carne que se produce nos cebadeiros da que vén de reses criadas ao aire libre e alimentadas co leite da nai e con pastos naturais.

■ Axudará en algo o proxecto da Xunta de promover o cebo de gando frisón para carne?

Como a carne de rubia non hai. Un tenreiro frisón pesa menos e, por riba, ten máis masa ósea cun de Rubia. Evidentemente, a Frisóna é unha raza moi boa para a produción de leite, pero non é apta para carne. Penso que se trata dunha opción errónea. Habería, pola contra, que promover máis a carne de tenreira de calidade.

■ Pensa que, coma se fixo noutros sectores, é necesario convocar unha Mesa da Carne?

Sería moi importante, sobre todo para tratar temas coma os prezos e a comercialización, que son fundamentais para a viabilidade económica de calquera explotación do sector.

“Elena Espinosa non ten nin idea de como funciona o sector agrario”

■ En xeral, como ve a situación do medio rural e da actividade agraria na bisbarra de Chantada?

Aquí, coma no resto de Galiza, hai moito abandono. Quen acada un cese anticipado, pecha a explotación sen pensar no futuro, abandona todo e a vivir a vida. Hai moi pouca xente nova que se incorpore, son casos anecdóticos. Cando chegamos vivir aquí, hai corenta anos, había case un cento de persoas na parroquia, e hoxe ás penas somos trinta e cinco.

Si que hai casos de algunha xente emigrada que, ao retirarse, volve para a parroquia, pero tamén é pouca. Esa xente pode ter unha hortiña para autoconsumo e algúns animais como pasatempo, pero nada máis. É triste que estea a desaparecer a produción de alimentos como medio de vida para as familias; trátase dun oficio ben necesario, pois se morre o campo morremos todos. Agardo que a Administración se implique máis no desenvolvemento do medio rural do que o fixo ata o de agora.

■ Entón non se notou o cambio co novo goberno, ou aínda é cedo para sabelo?

Hai moito aínda por facer, pero eu creo que o cambio si que se notou, sobre todo no xeito de facer as cousas. De todos xeitos, hai que decatarse de que no bipartito hai un partido de dereitas, que é o PSOE, polo que de seguro que non se van poder realizar todos os cambios que nos gustaría. Ben se viu co reparto da cota leiteira; Elena Espinosa non debería ser Ministra de Agricultura, pois non ten nin idea de como funciona o sector. Habería que cesala e buscar a unha persoa máis idónea para o cargo.



Na explotación de Xosé Díaz as vacas aliméntanse grazas a un sistema de pastoreo tradicional en réxime extensivo

■ No sector da carne, en concreto, houbo algunha novidade?

Eu estou a notar un incremento significativo na incorporación de xente nova á actividade agraria. Non demasiada pola bisbarra de Chantada, pero cónstame que si noutras zonas de Galiza. Vexo máis animada á xente.